

Nunha xuntanza celebrada o 30 de outubro estes dous sindicatos con representación en menores e infantil acordaron secundar esta convocatoria. UGT e CCOO declinaron participar e emprazaron a unha xuntanza posterior á data da folga.

A CIG-Ensino suma o apoio de SNEP e da CUT de cara á folga do 6 de novembro nos sectores de infantil 0-3, menores e discapacidade

Despois da exitosa manifestación do pasado 25 de outubro dos sectores da atención á discapacidade, da educación infantil 0-3 anos e da protección e reforma de menores, na que se apreciou unha enorme unidade do persoal traballador, a CIG-Ensino, respondendo á demanda do persoal, púxose en contacto coas organizacións sindicais dos tres sectores en aras a acadar a maior unidade sindical posible de cara á folga do próximo 6 de novembro. Esta demanda xa aparecía nas campañas de recollida de sinaturas levadas a cabo pola CIG-Ensino por un convenio galego para os tres sectores e que xa teñen noutros do ámbito dos coidados e da atención ás persoas.

Finalmente á reunión, celebrada o 30 de outubro, acudiron os sindicatos SNEP (que ten representación nas escolas do primeiro ciclo de infantil de xestión privada) e a CUT (con representación en menores), que aceptaron entrar na unidade sindical e participar na folga do 6N coincidindo coas reivindicacións da

CIG-Ensino. Así, xa se aproveitou para acordar boa parte dos pormenores organizativos da mesma e planificar canto antes novas accións reivindicativas, vista a actitude de desprezo e de desconsideración da Consellaría de Política Social, con Fabiola García á fronte, que está desatendendo as demandas destes tres ámbitos nos que o seu departamento ten todas as competencias. CCOO e UGT declinaron participar nesta xuntanza postergando a súa asistencia a unha nova reunión despois da xornada de folga, coa finalidade de dialogar e de explorar posibles vías de unidade sindical coas reivindicacións que nos unan a todas as OO.SS para dar resposta á situación tan precaria que teñen estes tres sectores de atención ás persoas.



Chamamento a todo o persoal traballador a secundar a folga do 6N sen caer na confusión dos “acordos” dos que fala algunha patronal

O responsábel de Ensino Privado da CIG, Henrique García dirixiuse ante a que é a primeira folga conxunta destes tres sectores na historia en Galiza aos máis de 5.000 traballadores e traballadoras lembrándolles que “a vosa forza está na organización e na mobilización”. Tal e como se demostra en múltiples conflitos ao longo dos últimos anos, só coa loita e a unión do persoal traballador se conquistan dereitos. E pon o exemplo de que a administración galega se faga cargo da suba salarial do XVI convenio estatal de discapacidade desde xaneiro deste ano (aínda que tarde, mal e arrastro e de parte

da cantidade, non do 10%). “De non producirse as campañas e mobilizacións convocadas pola CIG-Ensino e secundadas maioritariamente polo persoal traballador isto non se tería producido. Pero non podemos parar aí porque a suba incorporada é insuficiente, faltan as reivindicacións da parte social: complemento autonómico, mesas tripartitas e melloras laborais no camiño de acadar convenios dignos, negociados no ámbito galego e adaptado á realidade do noso sector en mans de fundacións e asociacións sen ánimo de lucro fundamentalmente. Está claro que esta decisión tómaa agora a administración coa idea de desmobilizar o persoal traballador de cara a unha folga que lle dá moi mala imaxe fronte ás familias dos usuarios e usuarias e fronte á sociedade en xeral, porque pon en evidencia as malas condicións nas que ten que traballar o persoal dos centros de atención á discapacidade e á diversidade funcional”, explicou.

Ademais, a decisión de abonar a suba do XVI convenio deixa fóra ás asociacións con convenio propio (Aspronaga, Aspaneps, Apem, Camiña Social, Trama, Diagrama, Aldeas Infantís Sos Galiza...), ao non ver incrementados os módulos do concerto social o que pode implicar conxelacións salariais no mellor dos casos. Así pois, a administración toma unha decisión que discrimina e non responde ás demandas unánimes do sector da discapacidade en Galiza. “É importante que o persoal traballador non se deixe confundir polo anuncio de acordos dalgunha patronal porque é enganoso e que está sendo empregado pola administración, que é a que move toda esta estratexia, para boicotear a folga”, incidiu Henrique García.

Precisamente o responsábel de Ensino Privado da CIG fai un chamamento a todas as patronais do sector (AEDIGAL e INRED de discapacidade, AGACEME, GAFIX de menores e AGADEI de infantil 0-3) a que faciliten o dereito á folga do seu persoal en lugar de obstaculizalo, e que sexan valentes na liña de constituír mesas negociadoras no Consello

Galego de Relacións Laborais en cada un dos sectores, co fin de dignificar as condicións laborais e salariais do seu persoal pero tamén de garantirse un financiamento axeitado para prestar os servizos esenciais que a administración delega nelas. García volveu insistir que ter convenios galegos é a única vía real e posible para darlle resposta ás reivindicacións do persoal traballador galego dado que os estatais nos tres ámbitos negociación tras negociación non solventan a precariedade existente. Ademais lembrou que o convenio galego sería garantista ao prevalecer agora no Estatuto dos Traballadores sobre o estatal.

Por último, instou á conselleira de Política Social, Fabiola García, a que exerza o cargo que ostenta e polo que cobra do erario público. “Está a tempo de que se desconvoque esta folga con medidas reais e coa súa implicación nas negociacións no CGRLs”.



OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal